

BASES DO CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS NOVOS VALORES 2023

A promoción de actividades culturais, en xeral, e a das manifestacións artísticas, en particular, é un dos trazos que mellor representa a Deputación de Pontevedra ao longo da súa historia.

Un dos fitos máis destacados deste labor de patrocinio é a concesión de axudas a creadoras e creadores noveis, documentadas xa na segunda metade do século XIX, desenvolvidas con criterios e formatos moi diversos ao longo do século XX, e con continuidade e vixencia plena na actualidade.

Conscientes da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos artísticos excepcionais de artistas noveis, o Certame de Artes Plásticas Novos Valores supón o recoñecemento e a recompensa da Deputación de Pontevedra a destacadas obras orixinais e inéditas nas modalidades de pintura, escultura, debuxo, deseño, gravado, fotografía, cerámica e vídeo creación, entre outras.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

Nesta liña, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Amparada nestes sólidos fundamentos, a Deputación de Pontevedra convoca o Certame de Artes Plásticas Novos Valores 2023, que se rexerá polas seguintes bases e polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable.

BASES

Primeira. Obxecto e finalidade

Esta convocatoria ten por obxecto regular o procedemento polo que se concederán os Premios Novos Valores 2023, destinados a promover a formación de artistas noveis.

Segunda. Orzamento

A contía consignada para as bolsas deste certame ascende a trinta mil (30.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/333.3330.481.02 do Orzamento provincial.

Terceira. Persoas destinatarias

Poderá participar neste certame calquera artista, natural ou residente en Galicia, con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos na data de presentación da solicitude, das modalidades de pintura, escultura, debuxo, deseño, gravado, fotografía, cerámica e vídeo creación, entre outras, susceptibles de considerarse novos valores.

Non poderá beneficiarse dos premios quen incumpra algún dos requisitos especificados nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Cuarta. Premios

Os premios consisten na adxudicación, entre as obras seleccionadas, de catro bolsas, cada unha por un importe de sete mil cincocentos (7.500,00) euros brutos, para que autoras e autores amplíen os seus estudos artísticos.

O xurado, de estimalo oportuno, reserva a posibilidade de declarar estas bolsas desertas.

Estes premios son compatibles con calquera outro premio de similar natureza que as persoas beneficiarias poidan obter noutros certames, convocados tanto por organismos públicos coma privados.

Quinta. Características das obras

As obras que se presenten deberán ser orixinais e inéditas, polo que non se admitirán as xa expostas nas anteriores edicións deste certame ou noutras mostras, individuais ou colectivas, ou que participasen noutros concursos. De ser o caso, a obra quedará automaticamente excluída.

Só se aceptará unha obra por artista; o seu peso non poderá superar os 500 kg e as súas dimensións máximas non excederán os 2 x 2 m ou, no seu caso, os 2 x 2 x 2 m. As obras presentaranse de forma que permitan a súa exposición directa, sen necesidade de manipulación nin de complexas instalacións posteriores. Os debuxos, as pinturas e as fotografías irán sobre un soporte ríxido e sen cristal. De precisar protección, poderá empregarse metacrilato, policarbonato ou PVC.

No apartado de audiovisuais, admitiranse obras unicamente en soporte dixital nos formatos máis usuais e o tempo de proxección non excederá os 5 minutos.

Se algunha autora ou autor desexase algún tipo de proxección especial ou específica, deberá proporcionar, tanto para a selección do xurado coma para a súa exhibición, os aparellos técnicos necesarios para poder efectualas, sempre adaptados ao lugar no que se presente a obra.

O incumprimento dalgunha das condicións de presentación será causa de inadmisión.

Sexta. Procedemento e fases do certame

O procedemento constará de catro fases: a primeira, de presentación de solicitudes; a segunda, de selección de propostas; a terceira, de presentación de obras seleccionadas; e a cuarta, de concesión das bolsas.

Sétima. Primeira fase: presentación de solicitudes

7.1. Presentación

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Co fin de garantir o anonimato da obra ou do proxecto, a cada solicitude asignaráselle un código de preinscrición. Só se aceptará unha obra por artista.

7.2. Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

7.3. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas solicitantes
- Certificado de residencia
- Certificado de nacemento
- Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

Se as persoas solicitantes se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

7.4. Validación

As persoas interesadas que reúnan os requisitos da convocatoria recibirán un correo electrónico no que se lles indicará a validación desta e o código asignado á súa obra, así como o modelo anonimizado necesario para presentar a proposta técnica segundo o previsto no seguinte punto.

7.5. Proposta técnica

A persoa solicitante deberá achegar a proposta técnica da súa obra a través dunha oficina de asistencia en materia de rexistros da Deputación de Pontevedra (<https://www.depo.gal/es/oficinas-de-rexistro>), entre o 22 e o 26 de maio de 2023, na que se incluírán:

1. O modelo de presentación anonimizado debidamente cuberto, no que debe constar o código do proxecto.

2. Ata cinco (5) fotografías da obra nun formato admitido na Sede electrónica. No caso de tratarse dunha produción audiovisual, esta entregárase nunha memoria USB nos formatos de reprodución máis usuais.
3. Unha memoria da obra presentada que inclúa a súa ficha técnica (título, técnica, medidas, ano de realización) e a súa descrición; nela atenderase aos aspectos conceptuais, teóricos e metodolóxicos que permitan comprender mellor a obra, cunha extensión máxima de oito (8) páxinas DIN A4 en formato PDF.
4. *Dossier* cos traballos desenvolvidos que permita coñecer a súa traxectoria artística, cun máximo de cinco (5) páxinas DIN A4 en formato PDF.
5. Presentación, detallada e expresa, en formato PDF, da finalidade ou do destino formativo para o que se concorre á bolsa.

A documentación achegada deberá garantir o anonimato da ou do artista, polo que non conterá ningunha referencia, nin gráfica nin textual, que permita identificar a súa autoría. En caso contrario, será motivo de exclusión.

O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra custodiará o emparellamento do código de inscrición co código xerado unha vez validada a solicitude ata que se coñeza o ditame do xurado, momento en que se realizará o dobre emparellamento de códigos e se coñecerá a autoría das obras premiadas.

Oitava. Fase 2: selección de propostas

Unha vez revisadas polo Museo de Pontevedra as propostas presentadas, xunto coa súa documentación técnica xustificativa, convocarase o xurado, que examinará, valorará e seleccionará ata un máximo de 25 propostas de entre as presentadas, coas que se conformará a mostra "Novos Valores 2023", que estará aberta ao público no Edificio Castelao do Museo de Pontevedra do 13 de xullo ao 17 de setembro.

A decisión do xurado recollerase nunha acta, que se publicará na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web do Museo de Pontevedra (www.museo.depo.gal).

Novena. Fase 3: presentación da obra orixinal seleccionada

9.1. Entrega

As obras seleccionadas para formar parte do Certame de Artes Plásticas Novos Valores 2023 entregaranse entre o 26 e o 30 de xuño de 2023, de 9 a 14 h, no Edificio Castelao do Museo de Pontevedra, no acceso pola rúa Serra, s/n, 36002 Pontevedra. Esta entrega realizarase persoalmente ou a través dun medio de transporte que a garanta.

O persoal técnico do Museo de Pontevedra revisará a obra e verificará o seu estado de conservación; no caso de observar a presenza de xilófagos ou calquera outro axente de alteración que poida comprometer a súa preservación, este poderá rexeitala.

Ao entregar a obra daráselles ás persoas participantes un recibo de recepción, cuxa presentación será imprescindible para poder retirala posteriormente.

9.2. Custodia

As obras trataranse co máximo coidado por parte da Deputación de Pontevedra, como entidade organizadora do certame; con todo, correrán por conta e risco da autora ou autor da obra os danos que esta puidese sufrir por calquera causa durante o seu transporte, incluídos o roubo ou a perda durante o seu envío.

A Deputación de Pontevedra non se responsabilizará das incidencias que se puidesen producir durante o seu transporte, exposición ou devolución.

Cada participante poderá contratar pola súa conta un seguro fronte aos posibles danos que puidese sufrir a súa obra mentres permaneza en posesión da Deputación de Pontevedra.

As persoas participantes deberán protexer as súas obras de forma adecuada e suficiente, mesmo cando se entreguen persoalmente. A Deputación de Pontevedra terá a facultade de rexeitar aquelas obras que, ao seu xuízo, non estean debidamente embaladas ou se atopen danadas.

9.3. Reprodución das obras

As obras seleccionadas reproduciranse ben na páxina web do Museo de Pontevedra (www.museo.depo.gal), ben nun catálogo impreso que se editaría como complemento á exposición. En ambos os dous casos corresponderalles ás autoras e autores xestionar ou obter os permisos necesarios para esa inserción gráfica.

9.4. Envío e devolución de obras

Os gastos de envío e devolución das obras correrán por conta das persoas participantes. A súa retirada realizarase prioritariamente de maneira persoal, previa presentación do xustificante. De non facerse deste modo, as persoas interesadas responsabilizaranse desa xestión.

Unha vez finalizada a exposición, as autoras e autores recollerán as súas obras nos cinco (5) días seguintes ao último no que estivesen expostas; se non o fan, entenderase que renuncian á súa propiedade e a institución provincial quedará facultada para tomar as decisións que estime oportunas sobre elas.

Coa presentación dos seus proxectos a estes premios, as persoas participantes aceptan colaborar coa Deputación de Pontevedra nas accións de difusión que se organicen e cederlle os dereitos de edición.

Décima. Fase 4: concesión das bolsas

Coas obras seleccionadas xa expostas, e antes de inaugurar a mostra, convocarase de novo o xurado para que, unha vez examine e valore as obras, escolla as catro persoas autoras das obras merecedoras das bolsas.

A resolución do procedemento de concesión das catro bolsas farase pública na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web do Museo de Pontevedra (www.museo.depo.gal).

Décimo primeira. Obras premiadas

As obras premiadas quedarán en posesión da Deputación de Pontevedra, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas para a súa difusión, e sempre fará constar a autoría.

A concesión da bolsa será obxecto dun convenio entre a persoa adxudicataria e a Deputación de Pontevedra no que se concretarán o seu emprego e o prazo, que non será superior a un (1) ano, para materializar a proposta.

No momento de asinar o convenio aboarase o 50 % do importe, para o que as e os gañadores deberán achegar a certificación do número de conta bancaria na que se ingresará o importe de cada bolsa.

Transcorridos seis (6) meses desde a sinatura do convenio, presentarase un avance da memoria xustificativa, no que se amosen os progresos realizados ata o momento, en formato PDF, na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

A presentación do devandito documento realizarase por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

O 50 % restante aboarase despois de entregar e aprobar a memoria xustificativa do traballo e do investimento realizado, que deberá presentarse nun prazo máximo de un (1) ano desde a sinatura do convenio.

O incumprimento deste requisito, en tempo e forma, suporá a renuncia inmediata á bolsa, co que se reintegrará a cantidade percibida e non xustificada.

De acordo co establecido na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas, aplicaráselles a retención correspondente ás bolsas outorgadas.

Décimo segunda. Xurado

A selección das obras para formar parte da mostra "Novos Valores 2023" e das catro bolsas, cada unha por un importe de sete mil cincocentos (7.500,00) euros brutos, para que as autoras e autores amplíen os seus estudos artísticos, realizarase segundo a decisión dun xurado, nomeado por resolución presidencial, que estará composto por:

- Presidente: o vicepresidente da Deputación ou a deputada ou deputado en quen delegue
- Vogais: cinco persoas de recoñecido prestixio e o director do Museo de Pontevedra
- Secretario: o da Deputación ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningunha das obras presentadas ao certame reúne os méritos suficientes para ser premiada. As súas decisións serán inapelables.

Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Todos os membros do xurado terán voz e voto.

Os membros do xurado percibirán as indemnizacións que lles puidesen corresponder, con cargo á aplicación orzamentaria 23/333.3330.226.06 do vixente Orzamento provincial.

A composición do xurado farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

Décimo terceira. Exposición “Novos Valores 2023”

Sempre que as circunstancias o permitan, a Deputación de Pontevedra comprométese, a través do Museo de Pontevedra, a exhibir unha segunda vez e de maneira temporal as obras premiadas.

Por outra parte, a Deputación, reserva a opción de promover posteriormente a exhibición destas obras e comprométese, se así fose, a comunicarlles esta decisión con antelación ás e aos artistas seleccionados.

Décimo cuarta. Publicación e aceptación das bases

As bases do certame e o seu extracto publicaranse no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte o xurado.

En todo o non previsto neste documento, o xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten, interpretar as bases e adoptar os acordos que se estimen necesarios. As súas decisións serán inapelables.

Décimo quinta. Dereitos de propiedade intelectual e difusión das obras

Os dereitos de propiedade intelectual das obras presentadas pertencen ás súas autoras e autores, segundo o disposto no Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

O feito de participar neste certame autoriza a Deputación de Pontevedra a expoñer, reproducir ou publicar a imaxe ou o contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas da Lei de propiedade intelectual.

A institución provincial queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que puidesen incurrir as persoas participantes.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa

solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.